

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 23 de decembro de 2013 adoptou o seguinte acordo:

6. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE FERROL PARA O EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DAS ÁREAS INFANTIS DE XOGOS DO CEIP A LAXE (VALON) E DA ESCOLA INFANTIL FERROL-CARANZA (PN 05003 13/40). Examinada a proposta que eleva a Oficial Maior, que textualmente di:

"Tendo en conta a nova organización das áreas de goberno e delegacións aprobadas por resolución da Alcaldía-Presidencia de data 30/04/2013 (BOP n° 93 de 16/05/2013); a Xunta de Goberno Local, en data 20/05/2013, aprobou a modificación da presidencia e a composición da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Ferrol para todos aqueles asuntos de competencia da Xunta de Goberno Local (BOP n° 105 de data 4/06/2013 e Perfil do Contratante de data 4/06/2013); quedando a composición da Mesa de Contratación do seguinte xeito:

- Presidente: concelleiro delegado de Urbanismo, Infraestructuras e Contratación ou concelleiro en quen delegue.
- Secretaría: funcionario da Unidade de Contratación.
- Vogais:
 - O Secretario Xeral da Corporación ou funcionario que legalmente o substitúa.
 - O Interventor Xeral da Corporación ou funcionario que legalmente o substitúa.
 - O concelleiro da concellería directamente relacionada por razón da materia co expediente de contratación ou concelleiro que o substitúa
 - O concelleiro delegado de Economía, Facenda e RR. HH., ou concelleiro en quen delegue.
 - O Xefe de Sección, ou no seu caso, o Xefe do Negociado directamente relacionado por razón da materia co expediente de contratación.
 - Un concelleiro por cada un dos grupos políticos con representación na Corporación Municipal.

Tendo en conta que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 18/11/2013, aprobou, entre outros, a contratación administrativa e a convocatoria de licitación correspondente á Contratación do servizo de mantemento das áreas infantis de xogos do



CEIP a Laxe (Valon) e da Escola Infantil Ferrol-Caranza (PN 05003 13/40) e considerando que o concelleiro de Medio Ambiente e Servizos é o concelleiro directamente relacionado por razón da materia no expediente de **Contratación do servizo de mantemento da área infantil de xogos da Escola Infantil Ferrol-Caranza** e a concelleira de Cultura, Educación, Deportes e Turismo é a concelleira directamente relacionada por razón da materia no expediente de **Contratación do servizo de mantemento da área infantil de xogos do CEIP a Laxe (Valon)**. Propono á Xunta de Goberno Local, a aprobación do seguinte acordo:

- **Primeiro:** Modificar a composición da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Ferrol para o expediente de **Contratación do servizo de mantemento das áreas infantis de xogos do CEIP a Laxe (Valon) e da Escola Infantil Ferrol-Caranza (PN 05003 13/40)**

Polo tanto a composición da Mesa de Contratación será do seguinte xeito:

- Presidente: concelleiro delegado de Urbanismo, Infraestructuras e Contratación ou concelleiro en quen delegue.
- Secretaría: funcionario da Unidade de Contratación.
- Vogais:
 - O Secretario Xeral da Corporación ou funcionario que legalmente o substitúa.
 - O Interventor Xeral da Corporación ou funcionario que legalmente o substitúa.
 - O concelleiro de Medio Ambiente e Servizos ou concelleiro que o substitúa
 - A concelleira de Cultura, Educación, Deportes e Turismo ou concelleiro que a substitúa
 - O concelleiro delegado de Economía, Facenda e RR. HH., ou concelleiro en quen delegue.
 - O Xefe de Sección de Medio Ambiente e Servizos, ou no seu caso, o Xefe de Negociado que o substitúa.
 - A Xefa de Sección de Cultura, Educación, Deportes e Turismo ou no seu caso, o Xefe de Negociado que a substitúa.
 - Un concelleiro por cada un dos grupos políticos con representación na Corporación Municipal.

- **Segundo:** Públicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no perfil do contratante do Concello de Ferrol".



A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos sres/as asistentes, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita.

Pazo Municipal, 26 de decembro de 2013.-

Cúmprase.-
O ALCALDE.-



Pase á U. Administrativa correspondente.-
O SECRETARIO XERAL

